

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 29 DE XULLO DE 2019, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE XULLO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e nove de xullo de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel, do PP; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, dona Marta María Vázquez Golpe, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de xullo de 2019, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de xullo de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201907291801080000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2019

Acceso á videoacta – 00:00:25 horas

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2019.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba o citado borrador por unanimidade dos dezaioito concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión [os sete concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros do PP que se relacionan: don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel; os dous concelleiros do BNG; o concelleiro de AV que se relaciona: don Raúl Varela Fraguío; e as dúas concelleiras integrantes do GM (EU-Son en Común e C's)].



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento dos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos respecto da adscrición de concelleiros ás Comisións Informativas Permanentes, á Comisión Especial de Contas e á Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións, e da Resolución de Alcaldía núm. 1424/2019, do 15 de xullo, respecto da presidencia efectiva das comisións informativas

Acceso á videoacta – 00:00:45 horas

De orde do Sr. presidente dáse lectura pola secretaria da Corporación aos escritos presentados polos voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais, nos que se designan aos representantes de cada grupo nas distintas comisións informativas creadas segundo acordo adoptado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2019:

- escrito presentado polo voceiro de AV, rexistrado de entrada ao núm. 0/4821 o día 11 de xullo de 2019
- escrito presentado polo voceiro do BNG, rexistrado de entrada ao núm. 999/1038 o día 11 de xullo de 2019
- escrito presentado polo voceiro de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 0/4833 o día 12 de xullo de 2109
- escrito presentado pola voceira do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 0/4853 o día 12 de xullo de 2019
- escrito presentado polas integrantes do Grupo Mixto (EU-Son en Común e C's), rexistrado de entrada ao núm. 999/1050 o día 12 de xullo de 2019
- escrito presentado polo voceiro do PP, rexistrado de entrada ao núm. 999/1052 o día 12 de xullo de 2019

De conformidade coas asignacións efectuadas nos citados escritos, as comisións informativas quedan integradas tal e como a continuación se relacionan:

Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico

UxC

Titulares	Suplentes de todos os titulares segundo a seguinte orde
Óscar A. García Patiño Elisa Pestonit Barreiros Ramón Boga Moscoso María Carmen Pan Matos María Dolores Pan Lesta	1º Mónica Varela Germade 2º Juan González Leirós 3º Daniel Mallo Castro

PSdeG-PSOE

Titulares	Suplente único de todos os titulares
Lúa Sanguñedo Álvarez Patricia María Parceró Quiñoy Diego Alcantarilla Rei	Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

PP

Titulares	Suplente único de todos os titulares
Juan María Abalo Castex Marta María Vázquez Golpe	María Jesús González Roel

BNG

Titular	Suplente
Brais Cubeiro Fernández	Daniel Carballada Rodríguez

AV

Titular	Suplente
Raúl Varela Fraguó	Sandra Sánchez Vieites

Grupo Mixto

Titular	Suplente
María Olga Santos López	María José García Hidalgo

Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade

UxC

Titulares	Suplentes de todos os titulares segundo a seguinte orde
Óscar A. García Patiño Juan González Leirós Elisa Pestonit Barreiros Ramón Boga Moscoso Daniel Mallo Castro	1º María Carmen Pan Matos 2º María Dolores Pan Lesta 3º Mónica Varela Germade

PSdeG-PSOE

Titulares	Suplente único de todos os titulares
Lúa Sanguinredo Álvarez Miguel Ángel Gutiérrez Nieto Patricia María Parceros Quiñoy	Diego Alcantarilla Rei

PP

Titulares	Suplente único de todos os titulares
Juan María Abalo Castex María Jesús González Roel	Marta María Vázquez Golpe

BNG

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez	Brais Cubeiro Fernández

AV

Titular	Suplente
Raúl Varela Fraguío	Sandra Sánchez Vieites

Grupo Mixto

Titular	Suplente
María José García Hidalgo	María Olga Santos López

Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social

UxC

Titulares	Suplentes de todos os titulares segundo a seguinte orde
Daniel Mallo Castro Ramón Boga Moscoso María Carmen Pan Matos Mónica Varela Germade María Dolores Pan Lesta	1º Elisa Pestonit Barreiros 2º Juan González Leirós 3º Óscar A. García Patiño

PSdeG-PSOE

Titulares	Suplente único de todos os titulares
Lúa Sanguñedo Álvarez Miguel Ángel Gutiérrez Nieto Diego Alcantarilla Rei	Patricia María Parceró Quiñoy

PP

Titulares	Suplente único de todos os titulares
María Jesús González Roel Marta María Vázquez Golpe	Juan María Abalo Castex

BNG

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez	Brais Cubeiro Fernández

AV

Titular	Suplente
Sandra Sánchez Vieites	Raúl Varela Fraguío

Grupo Mixto

Titular	Suplente
María Olga Santos López	María José García Hidalgo

Comisión Especial de Contas

UxC

Titulares	Suplentes de todos os titulares segundo a seguinte orde
María Dolores Pan Lesta Juan González Leirós Elisa Pestonit Barreiros Ramón Boga Moscoso Daniel Mallo Castro	1º María Carmen Pan Matos 2º Óscar A. García Patiño 3º Mónica Varela Germade

PSdeG-PSOE

Titulares	Suplente único de todos os titulares
Miguel Ángel Gutiérrez Nieto Patricia María Parceró Quiñoy Diego Alcantarilla Rei	Lúa Sanguñedo Álvarez

PP

Titulares	Suplente único de todos os titulares
Juan María Abalo Castex Marta María Vázquez Golpe	María Jesús González Roel

BNG

Titular	Suplente
Brais Cubeiro Fernández	Daniel Carballada Rodríguez

AV

Titular	Suplente
Raúl Varela Fraguó	Sandra Sánchez Vieites

Grupo Mixto

Titular	Suplente
María José García Hidalgo	María Olga Santos López

Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións

UxC

Titulares	Suplentes de todos os titulares segundo a seguinte orde
Óscar A. García Patiño Ramón Boga Moscoso María Carmen Pan Matos Daniel Mallo Castro Mónica Varela Germade	1º Juan González Leirós 2º María Dolores Pan Lesta 3º Elisa Pestonit Barreiros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

PSdeG-PSOE

Titulares	Suplente único de todos os titulares
Lúa Sanguñedo Álvarez Miguel Ángel Gutiérrez Nieto Patricia María Parceros Quiñoy	Diego Alcantarilla Rei

PP

Titulares	Suplente único de todos os titulares
María Jesús González Roel Marta María Vázquez Golpe	Juan María Abalo Castex

BNG

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez	Brais Cubeiro Fernández

AV

Titular	Suplente
Sandra Sánchez Vieites	Raúl Varela Fraguío

Grupo Mixto

Titular	Suplente
María Olga Santos López	María José García Hidalgo

A continuación, pola secretaria da Corporación dáse conta da Resolución da Alcaldía núm.1424/2019, do 15 de xullo, respecto da presidencia efectiva das comisións informativas, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"Primeiro: Como alcalde do Concello de Cambre, manter a presidencia efectiva das comisións que de seguido se relacionan:

- Comisión Informativa permanente de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico
- Comisión Informativa permanente de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade
- Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións"

Segundo: Delegar a presidencia efectiva da Comisión Informativa permanente de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social no concelleiro don Daniel Mallo Castro.

Terceiro: Delegar a presidencia efectiva da Comisión Especial de Contas na concelleira dona María Dolores Pan Lesta.

Cuarto: A teor do previsto nos artigos 41 d) e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos interesados, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar."

2.2. Toma de coñecemento da Resolución núm. 1384/2019, do 8 de xullo, de determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial, e coñecemento da aceptación dos cargos

Acceso á videoacta – 00:02:09 horas

Pola secretaria da Corporación dáse conta da Resolución da Alcaldía núm.1384/2019, do 8 de xullo, respecto da de determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial, e coñecemento da aceptación dos cargos, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno municipal en sesión extraordinaria do 8 de xullo actual, son os seguintes:

- Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras
- Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos
- Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá
- Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social
- Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico
- Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia
- Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia
- Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na Área de Cultura, Deportes e Xuventude
- Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos concelleiros e concelleiras designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Terceiro: Con base nos acordos do Pleno municipal de referencia, como alcalde-presidente do Concello de Cambre, desempeñarei as ditas funcións en réxime de dedicación parcial, coas retribucións e dedicación acordados.

Cuarto: Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, unha vez aceptados os cargos, publicar a presente resolución no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal.”

Con data 9 de xullo de 2019, consta a aceptación dos cargos polos concelleiros e concelleiras designados.

2.3. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 9/2019

Acceso á videoacta – 00:04:12 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos do día 15 de xullo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas e gastos que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 6.762,95 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...”).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 9/2019 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 6.762,95 euros, correspondente ás facturas, que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2019/422	22/01/2019	33172805C	RIVAS BARRAL MARIA LUISA	81,51
F/2019/834	26/02/2019	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	24,72
F/2019/837	26/02/2019	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	24,72
F/2019/1290	29/03/2019	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	24,72
F/2019/1293	29/03/2019	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	24,72
F/2019/1299	29/03/2019	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	24,72
F/2019/1928	09/05/2019	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	641,33
F/2019/1929	09/05/2019	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	728,67
F/2019/1930	09/05/2019	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	1.514,22
F/2019/1931	09/05/2019	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	1.682,71
F/2019/1933	09/05/2019	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	130,12
F/2019/1998	03/04/2019	32349099J	GOMEZ FERNANDEZ, ANGELES	13,00
F/2019/2016	25/05/2019	B36650992	ASCENSORES ENOR, S.L.	325,53
F/2019/2020	25/05/2019	B36650992	ASCENSORES ENOR, S.L.	325,53
F/2019/2021	25/05/2019	B36650992	ASCENSORES ENOR, S.L.	325,53
F/2019/2167	10/06/2019	F20025318	ORONA S. COOP. LTDA.	290,40
F/2019/2168	10/06/2019	F20025318	ORONA S. COOP. LTDA.	290,40
F/2019/2170	10/06/2019	F20025318	ORONA S. COOP. LTDA.	290,40
			TOTAL	6.762,95 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Terceiro.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de xullo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 10/2019

Acceso á videoacta – 00:10:23 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos do día 15 de xullo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 353,73 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Douro modo prexudicárianse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 10/2019 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 353,73 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2019/1666	16/04/2019	G70266564	ASOCIACION CULTURAL ZALAETA	300,00
F/2019/2272	27/06/2019	A36603314	EDITORIAL GALAXIA S.A.	53,73
			TOTAL	353,73 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de xullo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Proposta de aprobación inicial de modificación de crédito, crédito extraordinario 1/2019

Acceso á videoacta – 00:18:52 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos do día 12 de xullo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“A liquidación do Orzamento do exercicio 2018, aprobada por resolución da Alcaldía número 639/2019 de 3 de abril de 2019, reflicte, entre outros, os seguintes datos:

- resultado orzamentario axustado do exercicio, 3.180.558,87 euros
- remanente de tesourería para gastos xerais, 5.989.233,38 euros
- capacidade de financiamento, 1.509.909,79 euros
- saldo da conta 413 Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto: 1.540.009,39 euros, das que 251.858,64 corresponden a remanentes de crédito de gastos con financiamento afectado, para as que é obrigatoria a súa incorporación ao orzamento seguinte.

A Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, creou unha disposición adicional sexta na lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, recolle que as Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e presupostaria que resulta da aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior, e, no caso de que, atendidas as anteditas obrigas, o importe antes sinalado se mantivese con signo positivo, se

deberá destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no dito exercicio 2014. E despois das aplicacións anteriores, a Corporación Local tivera un saldo positivo, este se poderá destinar a financiar inversións sempre que ao longo da vida útil da inversión esta sexa financeiramente sostible.

Esta medida, inicialmente de aplicación ao superávit do exercicio 2014, foi prorrogada no seu día, aos superávits dos anos 2015 a 2017, e o real Decreto-lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit das corporacións locais de 2018.

Unha vez aprobado o expediente de suplemento de crédito 1/2019 o saldo para investimentos financeiramente sustentables e de 221.759,04 € polo que se incoa expediente por parte da concellería de Economía, Facenda e Réxime Interior por ese importe para financiar dúas obras consideradas necesarias e que cumpren as condicións de sustentabilidade esixidas pola Lei.

É por isto, que propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2019 por importe de 221.759,04 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Aplicación	Nome proxecto	Importe
333/62201	Edificio socio cultural na parroquia de Cela	189.633,42 €
342/62201	Ampliación del local municipal para servizos na zona deportiva de Pravio. Cambre	32.125,62 €
	Total investimentos financeiramente sostibles	221.759,04 €
	Total aplicación de superávit	221.759,04 €

ESTADO DE INGRESOS

Concepto	Denominación	Diminución
87010	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	221.759,04 €

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de xullo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Proposta de aprobación das bases do Programa municipal de axudas á creación de empresas Programa “Consolida Cambre”

Acceso á videoacta – 00:20:06 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico do día 15 de xullo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia europea de emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acadese uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, e preciso adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega, en especial dos mozos e mozas, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido productivo.

No título V da lei 20/2007, do 11 de xullo, do estatuto do traballo, dedicado ao fomento e promoción do traballo autónomo, establécese que os poderes públicos adoptarán políticas de fomento do traballo autónomo dirixidas ao establecemento e desenvolvemento de iniciativas económicas e profesionais por conta propia. Neste senso, o concello de Cambre como administración pública debe adoptar medidas que favorezan a creación de emprego no seu territorio.

O Concello de Cambre, a través da súa Axencia de Desenvolvemento Local creada no ano 1989 ven traballando arreo para conseguir reducir os niveis de desemprego mediante accións coordinadas de formación, orientación profesional e promoción económica, nomeadamente a través de distintas accións de promoción do emprendemento, tendo en conta que máis do 90% do tecido empresarial español está constituído por pequenas e medianas empresas.

Continuando este traballo, no ano 2012 o Concello de Cambre puxo en marcha una liña de subvencións municipais á creación de empresas denominada Cambre Emprende, dirixida á promoción de novas iniciativas emprendedoras por desempregadas que continuouse ao longo de seis convocatorias, que se toman como base para a proposta da convocatoria do 2019. En concreto a última convocatoria axudounos a consolidar o emprego daqueles emprendedores que dende o ano 2015 seguían de alta na Seguridade Social. Por este motivo, nesta convocatoria establecemos como finalidade contribuír á consolidación e ao seu mantemento de proxectos empresariais de recente creación emprendidos no Concello de Cambre.

A finalidade deste programa polo tanto, é apoiar a consolidación de empresas de recente creación do noso municipio e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización e na Lei orzamentaria, así como na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (capítulo VII art. 16).

Así mesmo, débese ter en conta que a consolidación e a estabilización do emprego é un dos obxectivos prioritarios da nova Estratexia Española de Activación para o Emprego do período 2017-2020 así como do Plan Anual da Política de Emprego e as directrices marcadas dende a Unión Europea.

Por último, as anteriores convocatorias de axudas a creación de emprego dentro do Programa de axudas á creación de empresas obtiveron resultados moi satisfactorios, o que nos leva a establecer unha nova liña de actuación nesta materia apoiando ao mantemento das novas empresas nos seus primeiros anos de andadura. Polo tanto, nesta nova convocatoria o Concello de Cambre quere facer un especial fincapé no mantemento do novo tecido empresarial que está a xerarse no noso territorio, dando lugar o programa “CONSOLIDA-CAMBRE 2019” que conta coas seguintes características:

Primeira: Esta convocatoria cubre o mantemento das empresas creadas dende o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017**. Mantense o obxectivo das axudas en relación co 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 é dicir, a cobertura das cotas correspondentes á alta no Réxime Especial de Traballadores/as por conta propia ou Autónomos/as (RETA) ou nalguna mutualidade dos colexios profesionais.

Segunda: Mantense como **cantidade máxima subvencionable** o custo mensual da cota efectivamente pagada no RETA ou na mutualidade de colexio profesional, tomando como referencia a base mínima de cotización ata un máximo de

2.500,00 euros.

Terceira: A axuda esténdese aos 12 meses da actividade dende a data de alta, xa que os primeiros anos de inicio dunha actividade empresarial son críticos e na meirande parte dos casos é onde se produce a maior mortandade de empresas.

Tendo en conta o informe emitido a data 15 de xullo de 2019 pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, **propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases da convocatoria pública da subvención municipal á consolidación de empresas do Concello de Cambre, Programa Consolida Cambre 2019, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude.

“Bases reguladoras da convocatoria do Programa Axudas Municipais á consolidación de empresas. Programa CONSOLIDA-CAMBRE 2019”

Base 1ª: Disposición xeral

1.1. A convocatoria de subvencións municipais á creación de empresas do Concello de Cambre, programa “Consolida Cambre 2019”, ten por obxecto apoiar a consolidación de empresas de recente creación do noso municipio e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (capítulo VII art. 16).

1.2. As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no título V “Subvencións” das bases de execución do orzamento para o exercicio 2019 do Concello de Cambre.

1.3. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

1.4. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 40.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019 433 47000 “Fomento emprego Cambre Emprende”, ampliable a 50.000 euros

En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Base 2ª: Obxecto e persoas beneficiarias

2.1. Obxecto

2.1.1. A finalidade deste programa é contribuír á consolidación dos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre durante o ano 2017, con independencia da súa forma xurídica, que facilitaran a creación do posto de traballo do emprendedor ou emprendedora que os levaran a cabo.

2.1.2. Esta finalidade concrétase en subvencionar a cota correspondente ao réxime especial de traballadores autónomos, ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou da mutualidade de colexio profesional correspondente, tomando como referencia a base mínima de cotización que corresponda, vixente en cada momento.

2.1.3. Ao abeiro do programa Consolida Cambre 2019, as axudas dirixiranse ás altas no Réxime especial dos/as traballadores/as por conta propia ou autónomos/as (RETA) ou nalgunha das mutualidades dos colexios profesionais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nel, se formalizaran entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

2.1.4. Estas axudas serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva, segundo o disposto no art. 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes tramitaranse ata esgotar o crédito aprobado para a convocatoria. De ser o caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente, o último beneficiario non recibiría a cantidade íntegra da subvención concedida.

2.2. Persoas beneficiarias

2.2.1. Poderán ser beneficiarias da axuda deste programa as persoas emprendedoras, sexan autónomas individuais ou socios/as de microempresa ou peme, (para a definición de microempresa e pequena empresa terase en conta o establecido no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014) que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Que se deran de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación, ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís durante o ano 2017 e que sigan de alta, de xeito ininterrompido dende entón ata a data de solicitude da subvención.
- b. Que desenvolvan a súa actividade empresarial no Concello de Cambre nos seguintes termos:
 - En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cambre.
 - En caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea no termo municipal de Cambre. En caso de autónomos individuais sen establecemento, entenderase que desenvolven a súa actividade no domicilio que apareza na alta censual (modelos 036 ou 037) ou no domicilio do solicitante.
- c. Que non teñan percibido a subvención ao abeiro das convocatorias do Programa Cambre Emprende.
- d. Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e con estas bases, o Concello de Cambre solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Facenda autonómica e o propio Concello de Cambre, para verificar o cumprimento deste apartado.

2.2.2. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, e no punto 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, terse declaradas en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración pública.
- d) Estar incurso a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou quen ostente a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.
- e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

2.2.3. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 46 bis do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.

2.2.4. Non poderán obter a condición de beneficiarios os autónomos colaboradores.

2.2.5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 2.2.2 e 2.2.3. anteriores para obter a condición de beneficiario se realizará mediante declaración responsable, segundo modelo Anexo II.

Base 3ª: Crédito orzamentario.

3.1. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 40.000,00 euros ampliables a 50.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019 433 47000 "Fomento emprego Cambre Emprende".

3.2. En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria de referencia. A contía máxima a conceder a cada persoa beneficiaria non poderá superar os 2.500,00 euros.

3.3. No caso de que as axudas calculadas deste xeito superen o crédito orzamentario previsto nas bases, para a adxudicación das axudas seguirase a orde de presentación das solicitudes que acheguen a totalidade da documentación.

Base 4ª: Tipo de subvención e contía.

4.1. As axudas obxecto destas bases subvencionarán ata o 100% das cotas efectivamente pagadas nos 12 primeiros meses do exercicio da actividade obxecto de subvención, correspondentes ao RETA ou á mutualidade do colexio profesional de que se trate, tomando como referencia a base mínima de cotización para cada anualidade do RETA 2017 ou 2018 segundo corresponda, ata o esgotamento dos fondos.

4.2. Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, ata o esgotamento dos fondos.

4.3. En todo caso, o importe máximo de subvención por beneficiario non poderá superar os 2.500,00 euros.

Base 5ª: Concorrenza con outras subvencións.

5.1. Esta subvención é compatible con calquera outra concedida por outras administracións ou empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais e, en especial, coas axudas para a promoción do emprego autónomo e creación de emprego en sociedades, reguladas pola Xunta de Galicia.

5.2. Será incompatible con calquera outra subvención polo mesmo concepto outorgada por outras administracións públicas, institucións, etc, e nomeadamente, coa subvención das cotas de cotización á Seguridade Social do pago único da prestación contributiva por desemprego.

5.3. Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de "minimis", non poderá superar en todo caso o límite de 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais para o/a mesmo/a beneficiario/a e no caso dunha empresa que opere no sector do transporte por Cambre non será superior a 100.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Base 6ª: Solicitudes e documentación.

6.1. As persoas beneficiarias ás cales vai dirixida estas subvencións son as persoas autónomas que xa teñen a obriga de relacionarse por medios electrónicos coa Seguridade Social (artigo 2.2.b) da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, modificada pola Orde ESS/214/2018, do 26 de marzo), exercen unha actividade económica e dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento en calquera actividade comercial que realicen, polo que a presentación electrónica suporá un importante aforro de tempo e recursos materiais na súa tramitación.

6.2. Polo tanto, as solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Cambre <http://sede.cambre.es>

6.3. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado "Solicitud" que figura como anexo I a estas bases reguladoras e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) CIF, no caso de pertencer a sociedades mercantís e non mercantís, e escrituras de constitución debidamente rexistradas, no caso de sociedades mercantís, xunto co poder, certificado de nomeamento ou documento xustificativo da persoa que asina a solicitude no nome da sociedade.
- c) Declaración censual de alta na Axencia Tributaria (modelos 036 e/ou 37) e Certificado de Declaración de situación censal de alta na Axencia Tributaria actualizado.
- d) Informe actualizado de vida laboral.
- e) Declaración responsable e autorización segundo o modelo do anexo II
 - a. Declaración de que todos os datos que constan na solicitude e os documentos que se xuntan son certos.
 - b. Declaración de non incorrer en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base segunda do programa, non concorrir ninguha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2013, e de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - c. Declaración de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46.2 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
 - d. Autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria Estatal, coa Seguridade Social, coa Administración Tributaria de Galicia e o Concello de Cambre. Anexo II
 - e. Autorización ao Concello de Cambre para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa Consolida Cambre
 - f. Se a actividade se desenvolve a través de sociedade, sexa cal sexa a súa forma xurídica, deberá presentarse a autorización da comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias pola persoa xurídica, asinada polo representante desta, e coa Seguridade Social.
- f) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado do Anexo III.
- g) Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das doce primeiras cotas de autónomos abonadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate.
- h) Modelo de designación de conta bancaria, titularidade do interesado. Anexo IV
- i) No caso de ter solicitada a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, deberán presentar a resolución de concesión.

6.4. En aplicación do artigo 53 d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os cidadáns quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos que se establecen nas bases cando calquera dos mesmos se atoparan en poder do propio Concello.

Base 7ª: Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o 26 de agosto ata o 25 de setembro do ano 2019.

Base 8ª: Tratamento de datos de carácter persoal.

8.1. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

8.2. Se é o caso os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do procedemento.

8.3. Así mesmo, co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación

institucional de que dispón o Concello de Cambre como páxina web ou taboleiro de anuncios.

Base 9ª: Autorizacións.

A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano instructor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 10ª: Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

10.1. O procedemento de tramitación das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

10.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

10.3. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.4. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia(<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base 11ª: Concesión da axuda. Resolución e recursos.

11.1. O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas a proposta definitiva dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polos beneficiarios dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

11.2. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

11.3. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 3 meses que se computará dende a data de finalización do prazo xeral de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución

impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.5. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

Base 12ª: Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1 n) da Lei 9/2017, de 13 de xuño.

Base 13ª: Pagamento.

13.1. Logo da resolución de concesión, o alcalde, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda.

13.2. O abono levarase a cabo nun único pago, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei xeral de subvencións, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da persoa beneficiaria sinalada.

Base 14ª: Obrigas das persoas beneficiarias.

14.1. Son obrigas dos beneficiarios as establecidas, con carácter xeral, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e, en particular, as establecidas nestas bases reguladoras como requisitos e na resolución de concesión. En particular, os beneficiarios asumirán as seguintes obrigas:

- a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de vinte e catro meses salvo por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente. No caso de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ante o Concello de Cambre no mes posterior a dita baixa.*
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e someterse ás actuacións de control e comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre.*
- c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.*
- d) Conservar os documentos xustificativos relativos á subvención, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.*
- f) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello de Cambre de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Base 15ª: Revogación e reintegro.

15.1. Procederá a revogación da axuda, así como reintegro total das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

15.2. Procederá o reintegro total da axuda percibida ao abeiro da segunda destas bases de non cumprir o beneficiario a súa obriga de manter a actividade durante un período de dous anos.

15.3. A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

15.4. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida no suposto de non estar ao día no

cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención

Base 16ª: Seguimento e control.

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará a realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención e, nomeadamente, para cumprir co requisito establecido na base decimo terceira, apartado a) deste programa. Ademais facilitaralle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 17ª: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

17.1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

17.2. A resolución de outorgamento das axudas e os seus beneficiarios, publicarase na páxina web www.cambre.org e no Taboleiro de Anuncios.

17.3. Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Cambre. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo concello xunto coa resolución de concesión."

SOLICITUDE (ANEXO I)
"CONSOLIDA-CAMBRE 2019"
Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

SOLICITANTE				
Razón social		C.I.F.		
Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E		
Enderezo				
C.P.	Localidade	Provincia		
Teléfono		Correo electrónico		
Outras actividades		CNAEs		
<input type="checkbox"/>	Empresa individual	<input type="checkbox"/>	Sociedade civil	
<input type="checkbox"/>	Sociedade anónima	<input type="checkbox"/>	Comunidade de bens	
<input type="checkbox"/>	Outras sociedades (cooperativa, sociedade laboral, etc.)		<input type="checkbox"/>	Sociedade limitada

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL	
Apelidos e nome	D.N.I./N.I.E

ENDEREZO ELÉCTÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	
Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións	

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA			
Actividade económica (descripción)		CNAE	
Enderezo da actividade			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono		Correo electrónico	
Data alta Seg. Social	Nº inscrición Seg. Social	Data alta IAE	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

PERSOA FÍSICA

Copia do DNI ou NIE

PERSOA XURÍDICA

Copia do NIF

Copia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, acreditativa da personalidade xurídica

Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación

Copia do DNI ou NIE da persoa que exerza a actividade

COMÚN

Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT

Declaración responsable e autorizacións (anexo II)

Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución (anexo III)

Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das doce cotas de autónomos subvencionables abonadas ou Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate

Informe de vida laboral actualizado

Designación de conta bancaria (anexo IV) ou certificado de conta bancaria

Outra documentación (especificar)

Sr alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da convocatoria de axudas para a consolidación de empresas do programa **CONSOLIDA CAMBRE 2019** do Concello de Cambre, **SOLICITA** a concesión da correspondente axuda económica, de acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, de de 2019

Asdo,

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)
"CONSOLIDA CAMBRE 2019"
 Axencia de Desenvolvemento Local
 981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

PERSOA SOLICITANTE

Don / dona

con D.N.I./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social

con C.I.F.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Que non esta incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria.
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.
- Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base segunda da convocatoria.
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, así como o padrón de habitantes se é o caso.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade das axudas CONSOLIDA-Cambre 2019 (base décimo oitava).

Cambre, de de 2019	Asdo,	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.		

DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPRENSIVA DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III) "CONSOLIDA-CAMBRE 2019"

Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona con D.N./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade que as subvencións desta convocatoria de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Que esta entidade ten concedidas, neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Cambre, 2019	de	de	<p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."</p>
Asdo,			
<p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>			

Segundo: Aprobar o gasto correspondente ás axudas por importe de corenta mil euros (*ampliable a 50.000 euros*) con cargo á aplicación orzamentaria 2019 433 4700 Fomento do emprego Cambre Emprende.

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas as Bases e a convocatoria para o exercicio do 2019 das Bases reguladoras da convocatoria do Programa Axudas Municipais á consolidación de empresas Programa Consolida Cambre 2019, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na páxina web municipal.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de xullo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Proposta de aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2019-2020, e do formulario de solicitude (anexos I, II, III, IV e V das bases)

Acceso á videoacta – 00:29:31 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade do día 12 de xullo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«O Concello de Cambre ven concedendo dende hai case 27 anos, bolsas de estudo como acción de fomento destinadas a familias con escasos recursos económicos e con fillos en centros escolares, cursando segundo ciclo de Educación Infantil e Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos, en exercicio das competencias e de conformidade co disposto no Regulamento de servizos das corporacións locais.

Dende o Concello de Cambre preténdese conceder axuda económica por medio da convocatoria de bolsas de estudo ás familias do alumnado do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

O alumnado de educación primaria ten axuda da administración educativa para libros de texto e material escolar pero non para uniformidade ou vestiario destinado á escolarización. Por iso, mantense nesta convocatoria a axuda para uniformidade ou vestiario destinado á escolarización para o alumnado de educación primaria pero minorando a cantidade xa que neste caso so se destina para un dos tres conceptos para os que se destina a axuda.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Por todo iso, visto o informe favorable emitido dende o departamento de Educación relativo á non existencia de duplicidades na convocatoria de bolsas de estudo para o curso escolar 2019-2020, propónse ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as Bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2019-2020, e o formulario de solicitude (anexos I, II, III, IV e V das Bases) tal e como se transcribe a seguir, así como a súa convocatoria:

Bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2019-2020

PRIMEIRA: Obxecto:

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización dos nenos e nenas ou necesaria para a formación para o curso 2019/2020, como acción de fomento destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2º ciclo de Educación Infantil (4º, 5º e 6º E.I), Educación Primaria (1º a 6º E.P.), Bacharelato (1º e 2º), Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos (tal e como se especifica na base segunda desta convocatoria).

SEGUNDA: Gastos subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados da compra de libros de texto, material escolar e uniformes escolares segundo o curso que lle corresponda ao beneficiario/a:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Libros de texto, material escolar e uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización.
- **Alumnado de Educación Primaria:** uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización.
- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Libros de texto e material escolar.

Non se considerará material escolar para os efectos das presentes bases os gastos de investimentos e a adquisición de aparatos de novas tecnoloxías tales como ordenadores, impresoras, tablets,...

TERCEIRA: Dotación orzamentaria:

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 18.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2019 326 48100 "Becas de estudo e libros educación" no actual orzamento municipal.

CUARTA: Beneficiarios/as:

- 1.- Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:
 - 1) Estar empadroad/a no Concello de Cambre con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda (polo menos o alumno cun dos proxenitores).
 - 2) Estar matriculado/a nun centro escolar público n o curso escolar obxecto da convocatoria, para o curso para o que solicita a bolsa.
 - 3) Convivir co/a solicitante da bolsa.
 - 4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 9.000,00 euros.
 - 5) Presentar a solicitude da axuda no prazo establecido en modelo normalizado ao efecto, e achegar toda a documentación requirida.
 - 6) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de axudas segundo o disposto no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións.

Quedan excluídos da presente convocatoria o alumnado que curse educación secundaria obrigatoria e educación especial, durante o curso escolar obxecto da convocatoria.

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

- 2.- As axudas poderán ser solicitadas polo representante legal, pai, nai ou titor do alumno ou alumna (quen é o beneficiario/a da axuda).

QUINTA: Renda per cápita anual familiar:

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2018, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 435 (base impositiva xeral) e o 460 (base impositiva do aforro) da citada declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2018, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a unidade familiar:

- Os cónxuxes, parellas de feito, ou os titores legais
- Menores de idade que convivan no mesmo domicilio.
- Solteiros menores de 26 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción ou libro de familia onde conste tal feito.

No caso de separación legal, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e todos os fillos e fillas que convivan con un ou outro e, si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e fillos a cargo; non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor e onde conste o importe da pensión recibida polo que corresponda en relación a gastos de manutención e/ou outros. No se u caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de nulidade, separación ou divorcio, o receptor da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

En aplicación do estipulado no artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2018, deberá documentarse o exercicio 2019 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- En caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2019 que aparezan na vida laboral, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

- En caso de desemprego:

- Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara.
- Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2018 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

SEXTA: Solicitudes:

As solicitudes, formuladas no modelo normalizado, dirixiranse ao Alcalde, podendo presentarse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será do 2 a o 30 de setembro de 2019, do que se informará mediante publicidade a través da web municipal e de trípticos informativos sobre a convocatoria.

SÉTIMA: Documentación:

As solicitudes de subvención deberán presentarse no formulario de solicitude que figura como anexos nas presentes bases e que se facilitará en calquera dos rexistros do Concello, podendo descargarse na páxina web municipal (www.cambre.org) ou recollerse no departamento de Educación:

- anexo I: Solicitude
- anexo II: Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á Axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF), así como autorización do alumno maior de idade de comprobación de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias.
- anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social do beneficiario, alumno/a maior de idade.
- anexo IV: Declaración do solicitante de que a unidade familiar non solicitou nin percibiu outra axuda para a mesma finalidade.
- anexo V: Autorización para solicitar datos á Administración educativa sobre a matrícula realizada no centro escolar no curso 2019/2020.

O formulario de solicitude deberá ir acompañado dos seguintes documentos que conforman a documentación propia do solicitante e/ou beneficiario/a da bolsa de estudo:

- Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos/as alumnos/as beneficiarios/as (cando por idade teñan obriga de telo).
- Fotocopia do libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Certificado ou documento que acredite o número IBAN de conta bancario a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.
- Volante de padrón colectivo de toda a unidade familiar (solicitar no rexistro municipal) no Concello de Cambre.
- Fotocopia do certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2019-2020, no caso de non autorizar expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración Educativa.
- Fotocopia ou orixinal de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto, uniformes escolares e vestiario, emitida a nome do beneficiario, solicitante (ou cónxuxe) da bolsa de estudo.

Deberá presentarse factura ou factura simplificada, na que deberán figurar, en todo caso, os seguintes datos:

- CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Datos do titular do establecemento.
- Data de expedición e número de factura.
- Data de realización da operación, se non é a mesma que a de expedición.
- Datos do beneficiario ou solicitante da bolsa de estudo (ou cónxuxe).

- Concepto do adquirido detallado.
- Prezo unitario de cada concepto e número de unidades adquiridas
- Tipo impositivo, ou expresión “IVE incluído”.
- Importe total.
- Deberase acreditar o pago da factura ou ben constar na mesma a expresión “PAGADO”.

A factura deberá estar individualizada por beneficiario/a (alumno/a)

Os tiquets non terán validez como xustificantes válidos de gasto.

- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2019 segundo o disposto na base quinta da convocatoria.

Se é o caso:

- Fotocopia do título de familia numerosa.
- Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez onde conste o importe das pensións por gastos de manutención do menor ou outros.
- Fotocopia do certificado de minusvalía.
- Pensionistas: xustificante da pensión mensual e número de meses que a percibe.
- Perceptores do RISGA e RAI: Xustificante da contía mensual actual e fotocopia do documento de notificación da concesión.

Nota.- Os/as solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, xa que as fotocopias se fan no rexistro de entrada municipal no momento de presentar a documentación.

Poderase requirir polo Concello de Cambre calquera outra documentación complementaria á indicada que se considere necesaria para maior clarificación da situación acreditada ou compulsada da presentada se a copia simple presentada xera dúbidas de autenticidade.

OITAVA: Revisión de solicitudes e subsanacións:

Rematado o prazo de solicitude, procederase á comprobación do cumprimento de requisitos e revisión da documentación.

Notificarase ao interesado a documentación a subsanar, se é o caso, e prazo para as subsanacións coa indicación de que, si esta non se producira, terase por desistido da súa solicitude, arquivándose previa resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

NOVENA: Valoración e resolución das solicitudes:

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar.

A valoración realizarase, segundo o baremo seguinte:

- a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, 25 puntos.
- b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, 15 puntos.
- c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, 10 puntos.
- d) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, 3 puntos, por cada un deles.
- e) Por ter o título de familia numerosa, 2 puntos.
- f) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, 1 punto.

Seguidamente, o concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade resolverá o outorgamento das bolsas, correspondéndolle ao alcalde o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria.

DÉCIMA: Número de bolsas e contía económica:

Concederanse 85 bolsas de estudo de 120,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos do 2º ciclo de educación infantil, 66 bolsas de 50,00 euros cada unha destinadas aos alumnos de educación primaria e 30 bolsas de 150,00

euros cada unha destinadas aos alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos.

Outorgaranse aos beneficiarios/as que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior. Se fose o caso de bolsas sobrantes dunha das categorías, pasarían á categoría que máis solicitudes queden sen outorgar por falta de crédito automaticamente.

Se o importe de gasto validamente xustificado mediante facturas fora inferior ao importe da bolsa, a bolsa concederáse e abonaráse polo importe xustificado. Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constitúan obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización.

Unha vez outorgadas as bolsas de estudo, procedera se ao pagamento das mesmas en pago único.

UNDÉCIMA: Obrigas dos beneficiarios:

Os beneficiarios estarán obrigados a:

- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello de Cambre e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
- Comunicar ao concello de Cambre a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.
- Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento.

Para o suposto de alumnos ou alumnas menores de idade, responderán das obrigas derivadas da convocatoria os solicitantes da bolsa de estudo, en canto ostentan a patria potestade ou tutoría do menor.

DUODÉCIMA: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

DÉCIMOTERCEIRA:

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2019, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

ANEXO I

SOLICITUDE BOLSAS DE ESTUDO CURSO ESCOLAR 2019/ 2020

SOLICITANTE (alumno/a maior de idade ou pai, nai, titor legal):

Nome e apelidos: _____, DNI: _____,

Domicilio: _____,

Municipio _____, Provincia _____, Cód.Postal. _____,

Teléf.: _____; Teléfono móbil: _____.

Nai/pai, segundo proceda, que non sexa o solicitante (no caso de non estar separado ou viúvo):

Nome e apelidos: _____, D.N.I.: _____

SOLICITA a Bolsa de Estudo para o curso escolar 2019/2020 do Concello de Cambre para o /a alumno /a:

1) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Curso: _____
Libros de texto / Material escolar / Vestiario

- **Alumnado de Educación Primaria:** Curso: _____
Vestiario

- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Curso: _____
Libros de texto / Material escolar

2) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Curso: _____
Libros de texto / Material escolar / Vestiario

- **Alumnado de Educación Primaria:** Curso: _____
Vestiario

- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Curso: _____
Libros de texto / Material escolar

3) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Curso: _____
Libros de texto / Material escolar / Vestiario

- **Alumnado de Educación Primaria:** Curso: _____
Vestiario

- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Curso: _____
Libros de texto / Material escolar

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Anexo II: Autorización de comprobación de datos tributarios.
- Anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Anexo IV: Declaración de non percibir a unidade familiar axuda ningunha para a mesma finalidade.
- Anexo V: Autorización para solicitar datos sobre a matrícula do curso escolar 2019/2020.
- Certificado ou documento que acredite o número IBAN de conta bancario a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.
- Volante de empadramento colectivo da unidade familiar no Concello de Cambre.

Fotocopia dos seguintes documentos :

- DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios.
- Libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Facturas xustificativas dos gastos realizados individualizada por beneficiario.
- Título de familia numerosa.
- Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez.
- Certificado de minusvalía.



- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios curso escolar 2019/2020 (só os que non autoricen expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa).
- Outros.....

Cambre, ____ de _____ de 2019.

Asinado: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) DO ANO 2018

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión de Bolsas de Estudo Concello de Cambre, sendo beneficiario ou posible beneficiario a persoa que figura no apartado A da presente autorización.

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención mencionado anteriormente, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio establecido na convocatoria de Bolsas.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos):

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Cambre, ____ de _____ de 2019.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

Esta Autorización deberá cubrirse unicamente polo/a alumno/a e para o caso de que este/a sexa maior de idade

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso escolar 2019/2020.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do cumprimento das súas obrigas tributarias.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS: _____

NIF: _____

Cambre, ____ de _____ de 2018.

SINATURA: _____

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

Esta Declaración deberá asinarse unicamente polo/a alumno/a maior de idade

Don/ Dona _____, con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2019/ 2020 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Cambre, ___ de _____ de 2019.

Asdo.: _____

ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE

Don/ dona _____, con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2019/2020 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que por parte de ningún dos membros da unidade familiar foi solicitada nin se percibiu axuda ningunha para a mesma finalidade e mesmo concepto.

Cambre, ___ de _____ de 2019.

Asdo.: _____

Nota: Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

ANEXO V

AUTORIZACION PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA SOBRE A MATRÍCULA DO CURSO ESCOLAR 2019/2020

Don/ dona _____,

con DNI _____, de conformidade co establecido nas Bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2019/2020 do Concello de Cambre,

AUTORIZO ao Concello de Cambre a solicitar á Administración educativa da Xunta de Galicia información relativa ao centro escolar e curso no que está matriculado o/s alumno/s ou a/s alumna/s para os que se solicita a Bolsa de estudio correspondente ao curso escolar 2019/2020.

Cambre, ____ de _____ de 2019.

Asdo.: _____

Segundo: Aprobar un gasto de dezaoto mil euros (18.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2019 326 48100 "Becas de estudio e libros educación"

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases e a convocatoria para o exercicio do 2019 das bolsas de estudo para o curso escolar 2019- 2020, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local , e na paxina web municipal.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 18 de xullo de 2019.

Faise constar que cando son as vinte horas e trinta e tres minutos, durante o debate deste asunto e antes da súa votación, abandona a sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), o concelleiro presente do

BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.8. Proposta de aprobación das bases dos torneos "XIX xadrez agosto en Cambre" e o "I xadrez agosto en Cambre Blitz" dentro do día do xadrez 2019, así como a súa convocatoria

Acceso á videoacta – 00:34:17 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude do día 15 de xullo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Considerando que o concello organiza dende hai anos, dentro da programación deportiva municipal, o torneo *Agosto en Cambre*, torneo de xadrez referente dentro da provincia e incluído no circuíto intercomarcal de xadrez.

Tendo en conta que este ano, se pretende dar un novo pulo a esta actividade coa organización, durante o día 17 de agosto de 2019, xunto co torneo "*XIX xadrez agosto en Cambre*", dunha nova competición denominada "*I xadrez agosto en Cambre Blitz*", como parte integrante do "*Día do Xadrez*".

Tendo en conta as competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte, conforme o artigo 25.2 apartado l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o artigo 8, apartado 1) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, así como o artigo 80.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Preséntanse para a súa aprobación as Bases destes torneos, co fin de establecer o procedemento de participación e as normas de xogo, en aras de dar cumprimento aos principios de publicidade e transparencia.

Por todo iso, é polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases da XIX edición do Torneo xadrez agosto en Cambre, tal e como se transcriben a seguir, así como a súa convocatoria:

"XIX AGOSTO EN CAMBRE"

Primeiro: O "XIX Agosto en Cambre" celebrarase no pavillón Sofía Toro de Cambre (rúa Wenceslao Fdz Flórez CP:15660 Cambre) o día 17 de Agosto de 2019.

Segundo: Este torneo será válido para o IV Circuíto Intercomarcal de xadrez activo Deputación da Coruña

Terceiro: Xogarse por sistema suízo a sete ou oito roldas dependendo do número de xogadores. O ritmo de xogo será 10 minutos por xogador + 3 segundos por xogada.

Cuarto: O torneo será válido para a obtención de ELO internacional de xadrez rápido.

Quinto: O torneo comezará coa presentación dos xogadores ás 15:45 e rematará coa entrega de premios ás 21:30.

Sexto: A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1º resultado particular, 2º buholz brasileiro, 3º buholz total e 4º APPO.

Sétimo: Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.

Oitavo: Non haberá comité de competición, as decisións do árbitro son inapelables.

Noveno: É necesario estar federado na tempada actual para poder inscribirse no torneo.

Décimo: As inscricións son gratuítas e realizaranse antes do xoves 15 de agosto ás 21:00 mediante o email escolaxadrezsigras@hotmail.com ou deportes@cambre.org

Décimo primeiro: O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria.

Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Para o pago dos premios é necesario a presentación do NIF, NIE ou documento que acredite a identidade do deportista. A organización facilitará unha ficha aos premiados para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Décimo segundo. Todo o non especificado nestas bases rexerese polas normas e regulamento da FIDE.

Décimo terceiro: Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, fotos, ...).

Décimo cuarto: A participación neste torneo supón a aceptación destas bases.

Décimo quinto: Para o financiamento dos premios deste torneo existe crédito por importe de 800,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48100 "Becas e premios promoción Deporte" no actual orzamento municipal.

Décimo sexto: Os premios do torneo serán os seguintes:

1º clasificado	200 € + Trofeo
2º clasificado	100 € + Trofeo
3º clasificado	80 € + Trofeo
4º clasificado	60 € + Trofeo
5º clasificado	50 € + Trofeo
1º FIDE<2000	50 € + Trofeo
1º FIDE<1800	50 € + Trofeo
1º FIDE<1600	50 € + Trofeo
1º local	70 € + Trofeo
2º local	40 € + Trofeo
1º sub-18	50 € + Trofeo
1º sub-16	Trofeo
1º sub-14	Trofeo
1º sub-12	Trofeo
1º sub-10	Trofeo
1º sub-8	Trofeo

Segundo: Aprobar inicialmente as bases da I Edición do Torneo Xadrez agosto en Cambre Blitz, que se relaciona a continuación, así como a súa convocatoria:

"I AGOSTO EN CAMBRE BLITZ"

Primeiro: O torneo "I Agosto en Cambre Blitz" celebrarase no pavillón Sofía Toro de Cambre (rúa Wenceslao Fdz Flórez CP:15660 Cambre) o día 17 de Agosto de 2019.

Segundo: Xogarase por sistema suízo a sete ou oito roldas dependendo do número de xogadores. O ritmo de xogo será 3 minutos por xogador + 2 segundos por xogada.

Terceiro: O torneo será válido para a obtención de ELO internacional de xadrez blitz.

Cuarto: O torneo comezará coa presentación dos xogadores ás 11:00 e rematará coa entrega de premios ás 13:30.

Quinto: A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1º resultado particular, 2º buholz brasileiro, 3º buholz total e 4º progresivo ata as derradeiras consecuencias.

Sexto: Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.

Sétimo: Non haberá comité de competición, as decisións do árbitro son inapelables.

Oitavo: É necesario estar federado na tempada actual para poder inscribirse no torneo.

Noveno: As inscricións son gratuítas e realizaranse antes do xoves 15 de agosto ás 21:00 mediante o email escolaxadrezsigras@hotmail.com ou deportes@cambre.org

Décimo: O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria.

Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Para o pago dos premios é necesario a presentación do NIF, NIE ou documento que acredite a identidade do deportista. A organización facilitará unha ficha aos premiados para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Décimo primeiro: Todo o non especificado nestas bases rexerese polas normas e regulamento da FIDE.

Décimo segundo Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, fotos, ...).

Décimo terceiro: A participación neste torneo supón a aceptación destas bases.

Décimo cuarto: Para o financiamento dos premios deste torneo existe crédito por importe de 220,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48100 "Becas e premios promoción Deporte" no actual orzamento municipal.

Décimo quinto: Os premios do torneo serán os seguintes:

1º clasificado	60 € + Trofeo
2º clasificado	50 €
3º clasificado	40 €
4º clasificado	30 €
5º clasificado	20 €
1º local	20 €"

Terceiro: Aprobar un gasto por importe de *mil vinte euros* (1.020,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48100 Becas e premios promoción Deporte.

Cuarto: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases dos torneos "*XIX xadrez agosto en Cambre*" e o "*I xadrez agosto en Cambre Blitz*" para o ano 2019 e a súa convocatoria, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na paxina web municipal

Sexto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 18 de xullo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.9. Proposta de aprobación das bases do XXXV Torneo de chave Concello de Cambre 2019, así como a súa convocatoria

Acceso á videoacta – 00:35:21 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude do día 15 de xullo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Tendo en conta que o concello de Cambre é uns dos concello nos que ten maior arraigo o xogo tradicional da Chave, e que organiza dende hai moitos anos, durante o mes de agosto, un torneo *municipal de Chave*, que constitúe un referente dentro da comarca pola súa tradición e número de edicións disputadas, nas que participan as entidades de chave do concello de Cambre, acadando este ano, o que será a súa XXXV edición.

Considerando as competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 8, apartado 1) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, así como no artigo 80.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Preséntanse para a súa aprobación as Bases deste torneo co fin de establecer o procedemento de participación e as normas de xogo, en aras de dar cumprimento aos principios de publicidade e transparencia.

Por todo iso, é polo que se propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases do “XXXV Torneo de Chave Concello de Cambre” tal e como se transcriben a seguir, así como a súa convocatoria:

“BASES DO XXXV TORNEO DE CHAVE “CONCELLO DE CAMBRE”

Primeira.- O XXXV Torneo Concello de Cambre celebrarase o sábado 10 de agosto de 2019 no campo municipal Daniel Mallo de Cambre

Segunda.- O concello cursará invitación aos clubs/entidades de Chave (que durante este ano competiron ou ben na Liga da federación ou ben na Liga da Irmandade) do municipio para participar neste torneo.

Xogarse en catro campos segundo o regulamento da Irmandade da Chave.

Terceira.- O Torneo comezará coa presentación dos xogadores as 17:30 horas e rematará coa entrega de premios ás 20:30 horas aproximadamente.

Cuarta.- A formalización da inscrición dos equipos é obrigatoria e nela constará un mínimo de oito xogadores como tiradores. Só poderán tirar aqueles xogadores inscritos antes do comezo do torneo.

Quinta.- O emparellamento entre os equipos realizarase por sorteo en presenza dun representante de cada un dos clubs participantes.

Sexta.- A organización ten previsto premiar cun trofeo ao equipo con máis claves así como aos xogadores máximos chaveiros.

Sétima.- Para o financiamento dos premios deste torneo existe crédito por importe de 1.320,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48100 "Becas e premios promoción Deporte" no actual orzamento municipal.

Oitava.- As entidades asociativas participantes do municipio terán unha gratificación por participar por importe de 165,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 8. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre as participantes, segundo as actas do torneo.

Novena.- O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria.

Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias, e que cumpren os requisitos establecidos no artigo 13 de Lai 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 8 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A organización facilitará unha ficha ás entidades para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Décima.- A participación neste torneo supón a aceptación das bases."

Segundo: Aprobar un gasto por importe de *mil trescentos vinte euros* (1.320,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48100 Becas e premios promoción Deporte.

Terceiro: Publicar os presentes acordo no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases do "XXXV Torneo de Chave Concello de Cambre" para o ano 2019 e a súa convocatoria, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na paxina web municipal.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 18 de xullo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.10. Proposta de aprobación das bases e da convocatoria do exercicio 2019 de bonotaxi para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida

Acceso á videoacta – 00:36:17 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Benestar Social do día 15 de xullo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Visto o informe da coordinadora de servizos sociais con data 11 de xullo de 2019 sobre a xustificación da necesidade de aprobación, das bases e da convocatoria para 2019 de bonotaxi para persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade e que teñan dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Vistas as bases e a convocatoria para 2019 de bonotaxi para persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade.

Ao medio do presente, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases de axudas económicas bonotaxi para persoas con diversidade funcional gravemente afectadas na súa mobilidade.

“BASES DA CONVOCATORIA DE BONOTAXI PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E MOBILIDADE REDUCIDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento para a concesión de axudas económicas individuais para proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñan dificultades para utilizar o transporte público colectivo, e así poder mellorar o pleno desenvolvemento dunha vida social autónoma.

O Concello de Cambre ven concedendo estas axudas económicas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, polo que, en aplicación do establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro respecto de que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, considera necesario continuar coa concesión de subvencións para a utilización de taxis adaptados para persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, polo que aproban as presentes bases que regulan o sistema de adxudicación dos bonotaxis.

PRIMEIRA.- OBXECTO

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras do bonotaxi destinado a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñan dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual, en forma de bonos, que permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi para os seus desprazamentos.

Haberá que empregar o taxi adaptado existente en Cambre ou os taxis convencionais do municipio, estes últimos sempre que resulte posible o seu emprego en virtude da discapacidade do beneficiario. Só se poderá recorrer aos taxis adaptados doutros municipios no caso de que non haxa dispoñibilidade en Cambre ou a persoa beneficiaria non poda empregar un taxi convencional.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

Para a concesión destas axudas dotarase de crédito nos correspondantes orzamentos anuais, na aplicación orzamentaria “2019 231 22300 Programa transporte adaptado” ou a que a substitúa no seu caso.

A cantidade máxima a percibir a través dos bonos por persoa beneficiaria será de 700,00 euros ao ano.

Os bonos empregaranse para:

- Xestións administrativas (traslados a bancos, xestorías, concello, Seguridade Social, Facenda, Axencia Tributaria,...).
- Visitas médicas.
- Actividades culturais, deportivas, educativas e de lecer.
- Outras a valorar polo departamento municipal de servizos sociais.

Unha vez tramitadas as solicitudes de concesión de axudas de bonotaxi, se resultase que a contía global a conceder fora superior ao crédito co que se dota a convocatoria, procederase ao prorrateo da contía global entre as persoas beneficiarias.

Na convocatoria para cada exercicio poderá verse modificado o importe máximo e o criterio de reparto.

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar a subvención as persoas con discapacidade e mobilidade reducida que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano, anterior á presentación da solicitude e permanecer de alta no padrón de habitantes municipal mentres se perciba a axuda.
- Ser maior de 3 anos.
- Ter recoñecida a condición legal de discapacidade en grao igual ou superior ao 33% e o baremo de mobilidade que impida empregar os transportes públicos colectivos, e así se acredite no certificado oficial do grao de discapacidade, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependente da Xunta de Galicia.
- Non ser propietario/a, calquera membro da unidade de convivencia, de vehículo propio adaptado e no caso de telo poderán solicitar esta axuda para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo ou calquera outro impedimento.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitados para a obtención de subvencións públicas.
- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo deste beneficio, ou non ter dereito a este servizo a través de MUFACE, ISFAS ou outra entidade.
- Non poderá dispoñer cada membro da unidade de convivencia dunha renda per cápita anual superior ao 200% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente para cada ano. Excepcionalmente poderá incrementarse o límite de ingresos nun 20% adicional, logo do informe técnico do departamento de servizos sociais.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

3. Considérase que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, no seguinte suposto: A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso de nulidade, separación ou divorcio legal, ou cesamento acreditado de relación análoga á conxugal.

4. Para os efectos desta convocatoria, para a determinación da renda per cápita anual terase en conta a suma da base impositible xeral máis a base impositible do aforro, declaradas ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas do último exercicio cerrado e correspondentes a cada un dos membros computables da unidade de convivencia, e dividido polo número de membros que a integran.

Nos supostos de non estar obrigado a efectuar declaración da renda, teranse en conta a suma dos rendementos netos do traballo, rendementos netos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais netas.

CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As axudas serán solicitadas polas persoas beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade legal.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cambre, situado na planta baixa da Casa Consistorial, Rúa Adro, núm. 1 ou no rexistro auxiliar de entrada, situado nos baixos onde actualmente se atopan as oficinas de Cultura, Educación, Deportes e Servizos Sociais, na rúa Río Barcés núm. 8 da Barcala, en horario de 12:00 a 14:00 horas ou na Rúa Tapia, núm.3 do Temple, en horario de 09:00 a 11:00 horas, segundo o formulario oficial de solicitude (Anexo I), acompañada da seguinte documentación:

2.1 Fotocopia do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.

2.2 Fotocopia do DNI ou no seu defecto do NIE do solicitante ou do representante legal, de ser o caso. E documentación acreditativa da patria potestade ou representación legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).

2.3 Fotocopia do certificado oficial do grao de discapacidade do solicitante, expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), no que conste o grao de discapacidade e que ten dificultades para a utilización do transporte público colectivo ou en su defecto Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.

2.4 Documentación acreditativa de ser beneficiario, no seu caso, do servizo galego autonómico de apoio á mobilidade 065.

2.5 Declaración xurada conforme aínda sendo beneficiario/a do 065 e cumprindo coas normas para acceder ao mesmo, non lle prestan o servizo.

2.6 Anexo II de declaración responsable da persoa beneficiaria, na que se faga constar:

- Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.
- Non ser titular de vehículo propio adaptado para a conducción, nos termos reflectidos na base terceira da convocatoria.
- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
- Que os documentos referidos nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, obran en poder do órgano xestor, por telos presentado para a obtención da axuda económica na convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida nas convocatorias correspondentes ao exercicio do 2017 e seguintes, e que os mesmos non sufriron variacións dende a data de presentación ante o concello.
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico dos servizos sociais municipais.

2.7 Autorización, asinada por todos os membros da unidade de convivencia computables, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda, segundo Anexo III.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

2.8 No suposto de que o solicitante ou algún dos membros da unidade de convivencia non estean obrigados a presentar a declaración anual do IRPF, a xustificación de ingresos efectuarase mediante:

- Certificados ou cartas de actualización das pensións emitidas polo Instituto da Seguridade Social ou outros organismos competentes, indicando a contía mensual que perciban os membros da unidade de convivencia que sexan pensionistas ao longo do exercicio do ano en curso, de ser o caso.
- Fotocopia compulsada das 2 últimas nóminas dos membros da unidade de convivencia que estean traballando, de ser o caso.
- Certificado do INEM, no que se reflicte a contía das percepcións económicas que perciban os membros

- da unidade de convivencia que se atopen en situación de desemprego, de ser o caso.
- Certificado acreditativo de desempeñar actividade formativa (incluído cursos de formación), dos maiores de 18 anos, de ser o caso.

2.9 No caso de que a persoa solicitante ou calquera outro membro da súa unidade de convivencia perciba rentas exentas de tributación (pensións non contributivas ou outras) ou pensións devengadas no estranxeiro, deberá aportar certificado das mesmas emitido pola entidade pagadora.

Se o solicitante resultou beneficiario da axuda económica na convocatoria de 2017 e/ou posteriores, non será preciso que achegue a documentación que se sinala nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, sempre e cando non sufrira variación ningunha dende a data da súa presentación, en virtude do disposto no artigo 23.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 20.3 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por obrar xa en poder do órgano xestor, cos límites establecidos nos anteditos artigos.

QUINTA.- CONVOCATORIA

Unha vez publicadas as Bases, o alcalde ou concelleiro delegado competente, acordará a convocatoria das axudas económicas de bonotaxi para persoas con diversidade funcional gravemente afectadas na súa mobilidade, a partir do exercicio seguinte á entrada en vigor destas bases.

De dita convocatoria se dará traslado a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será a que sinala a propia convocatoria de cada ano.

O departamento de Servizos Sociais revisará os expedientes das solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo improrrogable de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015.

Sen prexuízo do anterior, en calquera momento ao longo do procedemento poderá instarse ao interesado para que cumprimente calquera outro requisito ou trámite que se considere necesario aclarar. O prazo para a súa emisión será de 10 días salvo que, atendendo ás características do documento solicitado ou do propio procedemento, se solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que este último caso poida exceder de un mes.

SÉTIMA.- TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

1.- Xunto coa documentación presentada en modelo oficial, en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou en calquera outro dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, incorporárase de oficio o volante de empadramento.

2.- Unha vez recabada toda a documentación esixida, o equipo técnico municipal de servizos sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non polos solicitantes, dos requisitos esixidos na base terceira da presente convocatoria.

O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que pola finalidade da axuda non se considera adecuado fixar unha orde de prelación entre as solicitudes.

3.- Con base na proposta formulada, as axudas serán concedidas ou denegadas por resolución da Alcaldía ou concellería delegada, no seu caso.

4.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 3 meses contados dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes, unha vez completado o expediente.

5.- Unha vez vencido o prazo máximo sen ter sido notificada a resolución aos interesados, entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude da axuda.

6.- A resolución concedida do procedemento notificarase aos interesados, de xeito individualizado, e porá fin á vía administrativa.

7.- Unha vez recibida a resolución de concesión de axuda, terán que pasar persoalmente a recoller os bonotaxi polas dependencias de servizos sociais municipais do Concello de Cambre, sito en Río Barcés, núm. 6 da Barcala (Cambre).

OITAVA.- REGULACIÓN NO USO DO BONOTAXI

Os bonotaxis emitiranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expediranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán ás persoas beneficiarias, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

As persoas beneficiarias deberán empregar os bonos para a finalidade con que foron concibidos, polo que deben cumprir de forma correcta coas normas establecidas, así como a do seu uso.

As persoas beneficiarias entregarán os bonotaxis por viaxe, debidamente cubertos, ao taxista como contraprestación do transporte, podendo empregarse todos os bonos que sexan precisos por servizo. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer o pago do servizo a través dos bonotaxis.

Os bonotaxis expediranse por importe de 0,50 euros, 1,00 euro, 5,00 euros, 10,00 euros e 15,00 euros. A persoa beneficiaria achegará a moeda fraccionada correspondente por importe inferior a 0,50 euros.

En ningún caso o taxista poderá devolver en metálico o resto entre o custe do servizo e os bonos aportados, nin poderá tampouco recoller bonos por valor superior ao mesmo.

Os bonotaxis terán validez anual, e só poderán empregarse **ata o 17 de decembro de cada ano en curso. Se o 17 é inhábil a data límite será o primeiro día hábil posterior.**

As persoas beneficiarias que por calquera circunstancia durante o ano en curso non poidan facer uso da totalidade dos bonotaxis concedidos, terán que devolvelos ao departamento de servizos sociais a través do Rexistro de entrada.

Poderán empregarse os bonotaxis para servizos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os bonotaxis deberán conter:

- Valor do bono.
- Número de bono.
- DNI ou NIE da persoa beneficiaria.
- Nome e apelidos da persoa beneficiaria.
- Sinatura da persoa beneficiaria.
- Núm. licenza taxi.
- Data de expedición do bono.
- Importe traxecto realizado.
- Traxecto realizado.
- Motivo.

Cando a utilización desta prestación non se axuste á normativa establecida nestas bases dará lugar á perda do dereito de desfrutar desta axuda.

Os bonos empregaranse para o tipo de servizos recollidos na cláusula segunda destas bases.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto, e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

NOVENA.- OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

As axudas do bonotaxi son persoais e intransferibles, debendo utilizalos para a finalidade para a que foi concedida.

Unha vez finalizado o período de validez dos bonos e ata o 23 de decembro de cada exercicio (ou o seguinte hábil no caso de ser festivo ou sábado), a matriz xunto con bonos sobrantes, no seu caso, deberán ser devoltos aos servizos sociais do concello para os efectos de control do uso dado a estes.

A falsidade dos documentos presentados para a concesión da axuda ou as irregularidades do uso dos bonotaxis entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bonotaxis empregados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos xuros de constrinximento correspondentes a computar dende o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias.

DÉCIMA.- TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión, sendo responsable do tratamento dos datos o departamento de servizos sociais.

Para os efectos da Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o solicitante ou representante legal, así como calquera outra persoa ou persoas que acheguen datos persoais á solicitude, autorizan de xeito voluntario, específica, informada e inequívoca ao Concello de Cambre, a través da Concellería da Área de Servizos sociais, a incorporar os datos persoais recollidos a un ficheiro automatizado responsabilidade desta área, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, garantindo o responsable do tratamento de datos, así como todas as persoas que interveñan en calquera fase do tratamento, o deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1.f) do Regulamento (UE) 2016/679. Esta obriga é complementaria dos deberes de secreto profesional de conformidade coa súa normativa aplicable.

UNDÉCIMA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

ANEXO I - SOLICITUDE DE BONOTAXI

A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
			TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	PROVINCIA	
DOMICILIO	COD. POSTAL	MUNICIPIO	

B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO	MUNICIPIO	PROVINCIA	
COD. POSTAL	TELÉFONO	TITULO DE REPRESENTACIÓN:	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

PERSONAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	NIF	PARENTESCO COA / CO SOLICITANTE	DATA DE NACEMENTO
SOLICITANTE			

D. MEDIO DE CONTACTO

TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
---------------	----------------	--------------------

D./D^a _____, como (solicitante ou representante legal) **DECLARA:**

Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a de que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.

Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, **DECLARA** non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a _____ de _____ de 20 ____ . Asdo:

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante está ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei de Subvencións de Galicia.

Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente)

NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaranse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, e o tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de servizos sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA BENEFICIARIA

D./D^a. _____, con NIF núm. _____ e domicilio na rúa..... do municipio de Cambre, actuando no seu nome ou en representación legal de D./D^a....., con NIF núm. _____ e domicilio na rúa....., en calidade de titor, gardador de feito ou representante legal.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Atoparme ao corrente do cumprimento das miñas obrigas coa Axencia Tributaria estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Facenda do concello de Cambre, e coa Seguridade Social.

- Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.

Márquese cun X a opción que corresponda:

- Estar obrigado a presentar Declaración anual do IRPF SI NON
- Ser titular algún membro da unidade de convivencia de vehículo adaptado SI NON

(En caso de resposta afirmativa, poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo ou calquera outra circunstancia que o impida.)

- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
 - Que os documentos referidos na Base cuarta, apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, obran en poder do órgano xestor, por telos presentado para a obtención da axuda económica *na convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2017 ou seguintes*, e que os mesmos non sufriron variacións dende a data de presentación ante o concello, motivo polo cal me acollo ao meu dereito a non presentalos de novo ao amparo do disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- (Márquese cun X no suposto de acollerse a este suposto)**

- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico de servizos sociais do Concello de Cambre.
- Empregar os bonos para servizos non cubertos polo 065 ou non concedidos.

Cambre, a de de 20 .

Asdo.:

A persoa solicitante ou representante legal

ANEXO III - AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITARLLE DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF), A CUBRIR POR TODOS OS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA MAIORES DE 18 ANOS.

As persoas abaixo asinantes, autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar á AEAT a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda, para os efectos do outorgamento da axuda económica de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida, cando a persoa que figura no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, a de de 20 .

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

ANEXO IV - MODELO BONOTAXI

BONOTAXI

Importe: 0,50€, 1,00€, 5,00€,

10,00€, 15,00€

Bonotaxi núm.: _____ /20 .

Data de expedición: _____

Nome e apelidos: _____

Núm. do DNI ou NIE: _____

Traxecto realizado: _____

Importe total do traxecto: _____

Motivo: _____

Núm. licencia taxi: _____

A persoa beneficiaria ou representante legal

Sinatura

ESTE BONO TERÁ VALIDEZ COMO MODO DE PAGAMENTO ATA O DE DECEMBRO DE 20 .

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.”

Segundo: Aprobar a convocatoria de axudas económicas bonotaxi para persoas con diversidade funcional gravemente afectadas na súa mobilidade, correspondente ao exercicio do 2019, cun crédito presupostario de 15.000 euros e un importe máximo a percibir a través dos bonos por persoa beneficiaria de 400 euros para este exercicio.

O prazo de presentación de solicitudes será do 19 de agosto ao 6 de setembro de 2019, ambos inclusive.

Terceiro: Autorizar un gasto por importe de *quinze mil euros* (15.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2019 231 22300.

Cuarto: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases e a convocatoria para o exercicio do 2019 de axudas económicas bonotaxi para persoas con diversidade funcional gravemente afectadas na súa mobilidade, para o exercicio do 2019, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 18 de xullo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.11. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 00:38:09 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 00:38:13 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:38:14 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) para a declaración da estrutura fluvial, en Cambre, como infraestrutura verde de Cambre e a súa incorporación ao Proxecto de Infraestrutura Verde de Galicia. Votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei) e o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Absténse a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única.- Moción do equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) para a declaración da estrutura fluvial, en Cambre, como infraestrutura verde de Cambre e a súa incorporación ao Proxecto de Infraestrutura Verde de Galicia.

Rexistrada de entrada ao núm. 0/5094 o día 22 de xullo de 2019. Consta do seguinte teor literal:

“A día de hoxe moi poucos negan os graves problemas aos que nos enfrentamos:

- 1.- Perda de biodiversidade
- 2.- Fragmentación e aproveitamento descontrolado do territorio
- 3.- Uso insustentable dos ecosistemas e os seus servizos.
- 4.- Cambio climático.

Dende hai tempo vense poñendo o acento na necesidade de atender e dar solución aos problemas derivados da acción dos humanos sobre o territorio.

A propia Constitución de 1978 remítenos ao dereito a desfrutar dun Medio Ambiente axeitado.

Ata o momento as medidas legislativas relativas á conservación da natureza e a paisaxe se redactaban tendo como base os principios proteccionistas, é dicir, defínense “ILLAS DE CONSERVACIÓN DE NATUREZA E PAISAXE”. Como exemplos recoñecemos no noso ámbito próximo: “O Parque Natural das Fragas do Eume” ou a costa de Dexo, os ZEC: Betanzos-Mandeo, o encoro de Abegondo Cecebre.

O seguimento dos beneficios que estas “ILLAS DE NATUREZA E PAISAXE” teñen sobre os problemas detectados, DINOS QUE ESTAS MEDIDAS NON SON SUFICIENTES.

Así no ano 2009 a Comisión Europea alerta de que en Europa están ameazados o 80% dos hábitats naturais protexidos.

Un grupo de economistas, pola diversidade, indican que se non se adoptan medidas, a perda de biodiversidade terrestre pode chegar a custar o 7% do PIB europeo de aquí ao ano 2050.

Estes datos nos poñen en alerta e lémbrennos que:

- A actividade humana está afectando seriamente ao Medio Ambiente e alterando a capacidade dos ecosistemas.
- A sociedade depende directamente dos beneficios que lles proporciona a natureza: alimentos, materiais, auga limpa, aire puro, regulación climática, prevención de inundacións, polinización e/ou lugares de recreo.
- E que se a natureza resulta danada, non so sofre a biodiversidade, se non toda a sociedade ao deixar de recibir os servizos que lles proporcionan os ecosistemas sans.

Conscientes desta realidade, a UE toma medidas mediante a "Estratexia da UE sobre Biodiversidade 2020".

A partires desta estratexia xorde, no ano 2013, a iniciativa de fomentar o emprego da chamada “**INFRAESTRUTURA VERDE**”, como ferramenta para abordar a ameaza á Biodiversidade.

O que todo este conxunto de advertencias vén a dicirnos é que non é suficiente con manter “ILLAS DE CONSERVACIÓN DE NATUREZA E PAISAXE”, senón que ademais estas deben e teñen que estar conectadas para permitir a conectividade ecolóxica e a biodiversidade e a este ámbito de territorio lles chama “**INFRAESTRUTURA VERDE**”

En España estas cuestións introdúcense na Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, no seu capítulo III, crea as condicións nas que debe desenvolverse a “**Estratexia Estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica**”.

En Galicia estas cuestións pónense en práctica no ano 2007, aproveitando unha subvención da UE o “Instituto de Estudos do Territorio”, dependente da Consellería de Medio Ambiente, encarga o desenvolvemento e identificación da “**INFRAESTRUTURA VERDE DE GALICIA**”.

Paralelamente decídese que, concretamente sobre o Área da Coruña, se desenvolva un proxecto piloto de posta en práctica. Neste proxecto participa a “Fundación Juana de Vega”, a través da “Escola Galega do Paisaxe” e a “Asociación de desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos”.

No desenvolvemento destes traballos mantivéronse contactos cos concellos para solicitar a nosa colaboración e explicar en que consistía isto da “**INFRAESTRUTURA VERDE**”. Trasládasenos unha enquisa que, a súa vez, o concello trasladou a todos os grupos políticos para a súa participación. Os resultados da devandita enquisa foron remitidos á empresa que desenvolve os traballos.

Pouco tempo despois a dita empresa solicita unha entrevista co alcalde e técnicos do Concello que consistiu nun intercambio de suxestións.

De toda esta información, a empresa, remitiu ao concello, en abril do 2018, un folio co que considerou o resumo das entrevistas. Ata aquí chegou a participación do concello nestes traballos. Neste folio se expoñían a maior parte das suxestións formuladas polo concello, entre outras, considerar como corredores biolóxicos vinculados á ría do Burgo os canles fluviais dos ríos Valiña, Mero, Brexa e Gándara. En realidade estíbese a reivindicar a integración dentro do proxecto da “**INFRAESTRUTURA VERDE DE GALICIA**” do patrimonio fluvial máis destacable do Concello de Cambre.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E faciase sendo conscientes de:

Que a “**INFRAESTRUTURA VERDE**” representa unha área de oportunidade. Que a potencialidade de xerar unha infraestrutura verde nesta área non vén dada só polas súas características medio ambientais, senón pola importancia socioeconómica do territorio.

Que nos facilita servizos de abastecemento de materias primas e de alimentos, servizos de regulación ambiental, servizos culturais, lúdicos e de ocio.

Que o noso patrimonio fluvial debe ser un facilitador de economía sostible.

Por isto, nos adscribimos, apostamos e participamos no proxecto de “Infraestrutura Verde” da Xunta, achegando suxestións e entendemos que a clasificación do noso patrimonio fluvial quedaba integrado na “Infraestrutura Verde”, de oficio, por parte da administración redactora do proxecto.

Nestes momentos descoñecemos a evolución deste proxecto. Só coñecemos parte do seu contido pola información que se facilitou a asociacións de protección da natureza e medio ambiental ao requirir a súa participación, por certo nestes avances o río Gandara ao igual que o río Brexa viñan debuxados dentro da “Infraestrutura Verde”.

O proceso de xestión, proxecto e execución que se está dando no desenvolvemento doutra infraestrutura, denominada Gris (trazado da Vía Ártabra), choca frontalmente con esta proposta e, polo tanto, fainos temer pola catalogación do río Gándara como parte da “**INFRAESTRUTURA VERDE**” e máis cando é moi posible que a xustificación, de refugala, nada teña que ver coa súa calidade senón por descarte ante a decisión previa, sen contraste, de construír a infraestrutura Gris neste punto por riba de calquera outra opción.

O que se ven producindo é un conflito entre dúas infraestruturas, unha a que promove a Consellería de Infraestruturas e outra que promove a Consellería de Medio Ambiente, onde ao Concello só lle queda a posibilidade de optar por unha das dúas.

A Xunta, neste caso, optou por: impoñer a infraestrutura Gris menosprezando os efectos sobre a Infraestrutura Verde.

Resulta polo tanto necesario que o concello se pronuncie sobre este asunto.

Por outra banda estes ámbitos atópanse dentro da Reserva da Biosfera como conectores biolóxicos de interese (zonas tampón) polo tanto forman unha parte importante da estrutura da paisaxe que garante a supervivencia da declaración como reserva do espazo Mariñas Betanzos. Neste contexto, non cabe dúbida de que apostar polo mantemento e recuperación destes espazos, non só mantén, senón que aporta solidez á continuidade da referida declaración de Reserva da Biosfera.

É por todo o que antecede que traemos a este Pleno a seguinte PROPOSTA:

Primeiro: O pleno do concello recoñece e aproba como parte da súa “**INFRAESTRUTURA VERDE**” os corredores que representan os ríos Valiña, Mero, Brexa, Gándara e San Benito, San Pedro e San Marcos como conxunto (estrutura) inseparable da ría do Burgo.

Segundo: Trasladar este acordo á Reserva da Biosfera: “Asociación de Desenvolvemento Rural”, para que apoie (ditamine) sobre a oportunidade de manter estes espazos como parte do proxecto de “**INFRAESTRUTURA VERDE**”, como soporte e garantía da solidez na conservación da Declaración de Reserva da Biosfera.

Terceiro: Trasladar este acordo á Consellería de Medio Ambiente para que recoñeza, senón o estiveran, os devanditos espazos parte da “**INFRAESTRUTURA VERDE DE GALICIA**”.

Cuarto: Se nos informe en que punto do proceso de redacción do proxecto nos atopamos.”

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María

Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 01:10:56 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1371/2019, do 5 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Daniel Mallo Castro, desde o día 5 ao 14 de xullo de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1440/2019, do 17 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Daniel Mallo Castro, dende o día 17 ao 28 de xullo de 2019, ambos os dous incluídos e dende o día 30 de xullo ao 6 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1454/2019, do 17 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.”, no expediente número 2018/C004/000008

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade interesada, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e

10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal respecto das formalidades para a modificación posterior das delegacións, se dea conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que teña, así como ao Pleno municipal e se publique no *Boletín Oficial da Provincia*.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1471/2019, do 18 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 29 de xullo ao 14 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta – 01:12:32 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1142 o día 23 de xullo de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:12:36 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños da urbanización A Barcala alertan da acumulación de entullos que están sendo depositados dende hai semanas á entrada da dita urbanización. Concretamente o dito depósito estase realizando nas proximidades da gasolinera, nunha zona de descampado moi próxima igualmente ao hipermercado alí existente.

Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, ademais dos problemas de salubridade e seguridade que pode carrexar a acumulación de materiais de obra en zona urbana, destaca a imaxe de descoido e deixamento que evidencia tal acumulación, á vista de todo o que accede á Barcala dende a dita entrada, así como para os usuarios dos negocios situados nas súas proximidades.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese a adopción das medidas necesarias para retirar, á maior brevidade posible, os entullos acumulados no mencionado lugar.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:15:25 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Así mesmo, veciños da urbanización A Barcala están sufrindo a paralización das obras que se están levando a cabo nela estes últimos meses. Refírennos a súa sorpresa pola celeridade coa que empezaron a acometerse as ditas obras nas datas próximas ás eleccións municipais para, unha vez transcorridas estas, proceder á súa paralización, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan co presente rogo.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interese que, polo ben dos nosos veciños, e tras informar en sede plenaria dos motivos que provocaron a paralización das ditas obras, se adopten as medidas necesarias para retomar e finalizar as ditas obras.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:23:45 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Na pasada lexislatura foron moitos os veciños que se dirixiron aos concelleiros populares referíndonos as súas queixas sobre o estado no que se atopaban os farois instalados nas nosas rúas, camiños e demais lugares públicos. Recorrencia que motivou que o noso grupo municipal presentara varios rogos e preguntas sobre este tema. Entre eles no pleno ordinario do pasado mes de decembro de 2018, onde presentamos un rogo no que solicitabamos do equipo de goberno que adoptara un plan de revisión ou mantemento dos farois públicos do noso municipio e resolvera os problemas advertidos.

O dito rogo foi recollido e asumido pola concelleira de obras, polo que, a día de hoxe, sete meses despois do dito rogo, algunha mellora debería terse observado respecto do mantemento dos farois públicos no noso concello se se tivera cumprido o prometido. Fronte ao que logo se ten evidenciado ser unha mera declaración de intencións, o deixamento no mantemento dos nosos farois non só se agravou, senón que nalgúns supostos converteu ás nosas luminarias en perigosas, tal e como se observa na fotografía que acompaña ao presente rogo, na que se advirte o mal estado dun farol situado nun lugar tan visible e accesible diariamente a centos de persoas como é a entrada do hipermercado existente na urbanización da Barcala.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interese da concelleira competente (que nos tememos leva máis de nove días no cargo), que cumpra as súas promesas arrastradas dende a anterior lexislatura, adopte o prometido plan de revisión ou mantemento dos farois públicos no noso municipio e resolva os problemas advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1144 o día 23 de xullo de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:25:28 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

O pasado 13 de maio o equipo redactor do PXOM entregou ao departamento de Urbanismo o borrador do dito plan co documento inicial estratéxico. Este borrador aínda non foi presentado aos grupos políticos desta Corporación pese a terse sometido a un proxecto de participación pública esixido por Ciudadanos na negociación dos orzamentos de 2019 e onde a participación de todos os grupos políticos formaba parte do proceso participativo.

É por isto que rogamos:

Se nos presente a todos os grupos políticos desta Corporación o borrador do PXOM á maior brevidade posible fixando hoxe mesmo unha data para tal fin.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:28:23 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Numerosas son as queixas veciñais polo estado en que se atopan os camiños municipais en xeral. Vaia como exemplo as fotos que se achegan das zonas do camiño de Vilar-Fontefría e de zonas de Brexo-Lema a Meixigo, onde non só o estado do firme está seriamente deteriorado, senón que ademais a falta de roza impide a visibilidade aos vehículos, resultando a súa circulación por eles un serio perigo.

Por iso rogamos: Se rocen, limpen e reparen á maior brevidade todos aqueles camiños que supoñan un serio perigo para os viandantes e os vehículos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 01:28:58 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1142 o día 23 de xullo de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:29:07 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Sorprendidos quedaron os usuarios das piscinas municipais descubertas do Graxal e O Balado cando ao inicio da tempada de verán se atoparon co seu peche. Peche do que só sabemos polos carteis colocados no seu acceso que *“Por motivos técnicos a piscina permanecerá pechada ata novo aviso”*. Motivos técnicos que, estraña aos veciños, non se teñan podido resolver ao longo do ano e non cando empezaba a tempada estival e a ansiada apertura das piscinas.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro de Deportes cales son eses problemas técnicos e cando se prevé abrir as ditas piscinas ao público.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:31:20 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Á vista da negativa do concelleiro de Urbanismo a responder á pregunta formulada por este grupo municipal nas comisións informativas permanentes do pasado 18 de xullo, dende o Grupo Municipal Popular reiteramos a pregunta dirixida ao concelleiro competente respecto dos medios ou recursos dos que dispón o noso concello para loitar contra os incendios forestais e as súas melloras respecto dos existentes no exercicio anterior, así como a adhesión a plans ou programas doutras administracións públicas na prevención e defensa contra os incendios forestais.



Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:32:14 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel, co seguinte teor literal:

Nos últimos días volvemos a vivir apagamentos na iluminación pública en distintos lugares do noso municipio, como os sufridos este mes de xullo, entre outros, en Mercurín (Anceis), o contorno do Paraugas (O Temple), a estrada Cambre-O Temple ou a Praza Europa.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno polos motivos dos reiterados apagamentos sufridos nos últimos días.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos e Seguridade Cidadá, e o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, contestan a pregunta.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1144 o día 23 de xullo de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª - 2ª e 3ª - Acceso á videoacta – 01:33:56 horas

Lee as preguntas dona María José García Hidalgo.

Durante a mañá de hoxe día 23, data de presentación deste escrito, produciuse un pequeno incendio na Casa da Cultura Vila Concepción. Desexando ante todo que a persoa alí traballando se atope perfectamente, preguntamos:

- Coñécense as causas que provocaron o dito incendio?
- Que medidas se levarán a cabo para evitar que algo así volva a suceder?
- De non estar a día de hoxe reparados os danos, en que prazo se prevé poidan realizarse?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
María Luisa de la Red Ampudia